



---

## **José Boubeta en Baixo Voo e Rogelio Domínguez en Sky Trial proclámanse Campións Galegos de Cetrería**

---

Os pasados 25 e 26 de outubro disputábase no Tecor da Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia o Campionato Galego de Cetrería, organizado pola Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade Galega de Cetrería.

Conxuntamente co Campionato Galego disputábase unha proba aberta na que participaban cetreiros de comunidades como Asturias, Cantabria, Castela León e Andalucía. O sábado día 25 disputábanse as semifinais nas dúas modalidades que compoñen o Campionato Galego de Cetrería: Baixo Voo e Sky Trial.



O domingo 26 disputábase a final nas dúas modalidades, cunha participación de 7 paxaros en cada unha delas.

En Baixo Voo proclamábase Campión Galego José Boubeta cun azor, quedando no segundo posto Antonio Paz. O gañador na proba aberta era o cetreiro leonés Pedro San Juan co seu azor finlandés "Bombón"

En Sky Trial remataba Campión Galego Rogelio Domínguez, e segundo clasificado Oscar López. Na proba aberta copaban os catro primeiros postos os cetreiros castelán-leoneses, sendo o gañador Francisco Santos.



No vindeiro Campionato de España de Cetrería, José Boubeta e Antonio Paz formarán a Selección Galega na modalidade de Baixo Voo e Rogelio Domínguez e Oscar López en Sky Trial.

### **Gabinete de Comunicación**

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)